

A CAIXA DOS
Sorrisos

LIBROS PARA LER,
RIR E APRENDER

CANTA ÁRBORE E ARBUSTO! SAÍR AO CAMPO É UN GUSTO!

CARMEN GIL
DEBUXOS FRAN PARREÑO




cumio



A **aciñeira** ri co barullo.
Os porcos baixan arreo,
formando enorme boureo
para encher o bandullo.

Ela dilles moi contenta,
mentres comen a fartar:
«Non vaiades empachar
ao papar landras un cento».





A enredadeira, por fin,
chega até arriba do muro.
Dentro de pouco, seguro
que escapará do xardín.

Rube a calquera lugar
esta intrépida alpinista.
Non hai valo que resista
o seu afán de escalar.



Movendo sempre o fociño,
o esquío guinda montóns
de apetitosos **piñóns**
a quen ve polo camiño.

Sempre axuda o compañeiro
cando atopa unha ocasión.
El ten grande o corazón,
coma a copa dun **piñeiro!**